

Tema 1. Parte 1. Do pensamento presocrático ao debate entre Sócrates e os sofistas.

1. As orixes da filosofía: o paso do mito ao *logos*.

A filosofía nace na Grecia do século VII a.C. A Grecia da época non abarcaba, xeográficamente falando, o territorio da Grecia actual senón que se extendía por boa parte do Mediterráneo, entre outros lugares pola chamada Magna Grecia, que abarcaría a zona do sur da actual Italia e Sicilia, ou polas costas occidentais da península de Anatolia (actual Turquía) É precisamente aquí, na zona chamada Xonia, en concreto na *polis* (**cidade estado**) de Mileto, onde xorde o pensamento racional e filosófico.

O pensamento pre-filosófico da Grecia arcaica explicaba a realidade a través dos **mitos e deidades antropomorfas**, isto é, deuses parecidos aos seres humanos, tanto físicamente como no seu comportamento. Para explicar o chamado “paso” ou “salto” da explicación mitolóxica e relixiosa á explicación racional da *physis* (**da natureza**) debemos atender aos cambios sociais, económicos e culturais que experimentaron as *poleis* (plural de *polis*) da Grecia da época. Moitos historiadores da filosofía coinciden en que un dos acontecementos máis relevantes para explicar este cambio é a apertura comercial das cidades-estado gregas ao comercio con outras civilizacións. Isto provocou, entre outras cousas, que se contrapuxeran distintos mitos e distintas explicacións relixiosas dos acontecementos naturais. Así, as tradición puxéronse baixo a mirada crítica da que falabamos liñas máis arriba e abriuse a porta a outro xeito de dar conta da realidade: a razón.

Serían os xonios, considerados os primeiros filósofos da historia, os que darían ese salto con respecto aos seus predecesores, deixando atrás as interpretacións da *physis* a través de deidades antropomorfas e substituíndoas por realidades concretas ou abstractas que desen conta dos fenómenos que os rodeaban. O cambio radical foi o de intentar dar unha explicación racional da natureza, da súa orixe, da orde subxacente ao mundo e a cal podemos chegar a entender.

Hai quen afirma que este “salto do mito ao logos” só podería ter sucedido en Grecia, dadas as características sociais e culturais das súas xentes, outros historiadores da filosofía defenden que xa nos mitos e nos textos de autores como Hesíodo ou Homero xa existen elementos racionais que herdará o pensamento racional. Pero, podemos entón dicir que a filosofía e, en concreto, a súa orixe, é algo exclusivo do mundo Occidental?

Tema 1. Os berces da filosofía. O pensamento presocrático, o debate entre Sócrates e os sofistas e a filosofía de Platón.

Os especialistas levan décadas discutindo en torno a esta pregunta, dividíndose entre aqueles que consideran á filosofía como un produto exclusivamente Occidental e os que defenden a existencia dun pensamento racional e filosófico coetáneo ou incluso anterior noutros lugares do planeta. Deste xeito, segundo esta segunda interpretación, na India a filosofía estaría representada polos textos sagrados para o hinduísmo, os sutras; en China polo pensamento de Lao-Tsé, etc. Mais hai un dobre problema á hora de introducir a estes textos e autores dentro da categoría de “filosofía”:

- Están estreitamente ligados ao ámbito relixioso, sen que se produza unha manifesta separación entre o mítico e o racional, tal e como acontece na filosofía grega.
- Non hai un diálogo tan directo entre pensadores, especialmente de xeito interxeracional, o que frea a posibilidade de construír un saber crítico.



1.1. Os filósofos presocráticos.

1.1.1. Os milesios: Tales, Anaximandro e Anaxímenes.

- **Tales de Mileto (624 – 546 a.C.):** considerado como o primeiro dos filósofos, atribuíu a orixe de todas as cousas a un elemento material: a auga. Para Tales esta era a orixe da vida, algo posiblemente tomado das culturas exipcia e/ou babilónica. Outra das súas doutrinas sería a do “panamimismo”, en base a cal consideraba que toda a natureza estaba dotada de vida, tal e como se observa na famosa frase que se lle atribúe: *“todo está cheo de deuses”*.

Tema 1. Os berces da filosofía. O pensamento presocrático, o debate entre Sócrates e os sofistas e a filosofía de Platón.


Cabe a pena sinalar a anécdota que nos legan Platón ou Dióxenes Laercio na sobre Tales de Mileto. Nesta dísenos que Tales ía camiñando acompañado por unha escrava mentres observaba o ceo. Atónito e sen mirar para o chan caeu nun pozo, o que suscitou a risa da escrava. Aparecen así nesta anécdota dúas figuras, unha que representan ao filósofo (Tales) que se pregunta pola natureza e a outra que non lle dá importancia ao que lle rodea nin se preocupa por explicalo (representada pola escrava)

- **Anaximandro de Mileto (610 – 545 a.C.):** foi o primeiro acuñar o termo *arkhé* para referirse á orixe e principio de todas as cousas. Daría un salto con respecto a Tales xa que identificaría ao *arkhé* co indeterminado, algo non material e indefinido, ao que bautizou co termo *apeiron*.
- **Anaxímenes de Mileto (590 – 525 a.C.):** identificará ao *arkhé* co aire, do cal xurdirán o resto de elementos coñecidos. A alma, o que daba a vida ao home, era chamada polos gregos *phykhé*, o que literalmente significa *soplo*, o que podería achegarnos unha posible explicación do elemento escollido por Anaxímenes como *arkhé* ou principio.

Pese as súas discrepancias hai unha serie de elementos comúns entre os pensadores milesios: buscan por primeira vez unha explicación racional da natureza, intentan comprender a orde da mesma; a natureza explícase a partir de ela mesma, sen deidades á marxe; a materia adoita estar ligada á vida (pense en Tales, para o cal a auga é o principio de todas as cousas e para o cal todo estaba cheo de deuses)

1.1.2. Heráclito de Éfeso (540 -480 a.C)

Para Heráclito o *arkhé* tamén era un elemento material, no seu caso o lume: *“todo é e será lume eternamente vivo que se encende e apaga con medida”*. Todo nace do lume e morre volvendo a él, representando á perfección a concepción cíclica que os antigos gregos tiñan do cosmos: a idea do eterno retorno. O cosmos, o universo, non ten un principio nin un final: é eterno. O lume representa a loita constante entre os elementos opostos, o cambio continuo que caracteriza á natureza, o seu constante




devir (cambio, movement) Todo cambia, afirma Heráclito, todo flúe: *panta rei*. De aquí

Tema 1. Os berces da filosofía. O pensamento presocrático, o debate entre Sócrates e os sofistas e a filosofía de Platón.

se extrae, precisamente, a famosa metáfora do río, segundo a cal non é posible bañarse dúas veces no mesmo río, xa que cada vez que o fagamos tratarase dun distinto (lembrade: todo cambia, todo flúe, *panta rei*)

1.1.3. Parménides de Elea (nacido a finais do s. VI a.C ou comezos do V a.C)



Fronte a Heráclito, Parménides negará a posibilidade do cambio e do movemento na natureza. Se todo está en permanente cambio nada se pode saber sobre a realidade, non se podería ter un coñecemento verdadeiro e universal sobre nada. Se intentamos definir un obxecto e este cambia a cada segundo é imposible saber o que é ese obxecto. Así, Parménides, desconfiará de aquilo que nos din os nosos sentidos e a través dun exercicio de dedución lóxica postulará as características do que el chama **o Ser**. O ser, aquilo que podemos coñecer de forma verdadeira e universal é **un**, nunca múltiple; **inxénito**, non ten un principio no tempo; **inmóbil**, non ven de ningures nin vai cara ningures; **indivisible**, non pode dividirse nalgo distinto de si mesmo; **eterno**, xa que non pode nacer de algo distinto de sí mesmo, etc. Estas e outros atributos do ser vainos a deducir a partir da súa enigmática máxima co que comeza o seu poema sobre a natureza: “*O ser é, o non-ser non é*”. Fronte as apariencias dos sentidos, que presentan todo como cambiante, debemos quedarnos co que nos descubre a razón: o coñecemento de aquilo que non cambia, de aquilo que é universal e verdadeiro.

1.1.4. Monismo, dualismo e pluralismo.

Todos os filósofos que abordamos ata o momento son considerados **monistas**, é dicir, consideran ao *arkhé* como un único elemento, independentemente de cal escollan. Sen embargo xa nos inicios do pensamento filosófico houbo quen considerou que o *arkhé* non podía reducirse a un único principio. Deste xeito pensadores como **Pitágoran (570 a.C – 495 a.C)** e os seus seguidores defendían que o principio eran os números e establecían unha serie de pares de dous elementos contrapostos cuxa oposición explicaría o dinamismo do mundo: masculino/feminino, luz/escuridade, etc. A parte disto recibirían da relixión **órfica** a idea de que o ser humano divídese en alma e corpo, sendo a primeira eterna e o que verdadeiramente identifica ao home. Así, acreditaban na transmigración da alma (*metempsicose*), é dicir, en que esta “traspásase” a outros corpos tras a morte. Por

Tema 1. Os berces da filosofía. O pensamento presocrático, o debate entre Sócrates e os sofistas e a filosofía de Platón.

isto a alma debe purificarse para poder liberarse finalmente da súa prisión corpórea, tese que tería unha gran influencia no pensamento platónico.

Por outra banda os filósofos pluralistas afirmarán que existen múltiples principios. **Empédocles (nado no 494 a.C.)**, por exemplo, defenderá a existencia de catro: lume, auga, terra e aire. Todo se formará a partir da agregación destes elementos e corromperase e desaparecerá coa súa disgregación. Atribuiría a dúas forzas externas o movemento polo que estes elementos se agregaban e unían e se separaban e disgregaban. Estas forzas eran o **Amor** e o **Odio** respectivamente. Cabe tamén sinalar a figura de **Anaxágoras (500 a.C. – 428 a.C.)**, segundo o cal todas as cousas están formadas de elementos ou “sementes” infinitamente divisibles bautizados como *homeomerías*. Os elementos últimos de todas as cousas están presentes en cada obxecto pero dependendo de cales predominen un ente será unha cousa ou outra. Por exemplo, o ouro posuiría elementos de todas as cousas existentes pero nel predominan as *homeomerías* do ouro, o que lle fai ser o que é. Apela tamén a un elemento externo, unha causa inicial que pon en movemento ás *homeomerías*: o *nous* ou intelixencia.

Pero sen dúbida o pensador pluralista máis relevante será **Demócrito (460 a.C. – 370 a.C.)**, nacido na polis de Abdera. Será o pai do atomismo, segundo o cal existirán un número infinito de átomos cos atributos do **ser de Parménides** (indivisibles, eternos, etc.). Pese a isto Demócrito si aceptará o movemento e dinamismo do mundo, precisamente a partir da interacción dos infinitos átomos que o forman. Non apelará a causas alleas aos átomos para explicar o dinamismo do mundo: basta coa súa interacción, o choque aleatorio entre eles para explicar a natureza. A isto será o que se coñeza como mecanicismo: os átomos materiais e o seu movemento son suficientes para dar conta da realidade.

1.2. O debate entre os sofistas e Sócrates.

Podemos dicir que os pensadores presocráticos non chegaron a un acordo sobre cal ou cantos debían ser os principios últimos da natureza. Isto levou aos filósofos posteriores a centrarse en asuntos máis concretos, máis relacionados co ser humano. Prodúcese así o que se coñece como “**xiro antropolóxico**” do que serán protagonistas os **sofistas**. Na Atenas democrática do século V a.C. os cidadáns podían participar da asemblea e facerse escoitar á hora de tomar decisións que afectasen á *polis*. Neste contexto as habilidades retóricas e de oratoria eran moi apreciadas xa que aquel que mellor defendese a súa

Tema 1. Os berces da filosofía. O pensamento presocrático, o debate entre Sócrates e os sofistas e a filosofía de Platón.

posición tiña máis posibilidades de impoñerse. Os sofistas non eran cidadáns polo que non podían participar da política ateniense pero eran uns mestres da retórica e eran contratados por aqueles que querían ter unha maior incidencia nos debates públicos.

A característica principal dos sofistas é o seu **relativismo**, consideraban que non había unha verdade absoluta e que esta dependía do individuo ou da comunidade. Así, non había, por exemplo, unha lei máis xusta que outra, tan só máis útil ou menos



dependendo do contexto. Esta tese resúmese á perfección na frase atribuída a **Protágoras**: **“o home é a medida de todas as cousas”**. Contra isto erixiuse a filosofía de **Sócrates (470 a.C. – 399 a.C.)**, o cal negaba que a verdade fose relativa. Co seu método dialéctico sacaba á luz as contradicións

dos seus adversarios, declarándose nun principio ignorante sobre o que se ía a discutir. Finalmente axudábaos, mediante o diálogo, a chegar á verdade sobre os termos en cuestión. A primeira parte deste método coñécese como **ironía**, a segunda como **maiéutica**. Esta última significa, literalmente, “a arte de dar a luz ou a arte das parteiras”. A nai de Sócrates tiña esta profesión e empregouna como metáfora: do mesmo xeito que as parteiras axudan a dar a luz a un recém nacido, Sócrates axudaba aos seus interlocutores a dar a luz á verdade. Isto é, se recordades, o significado que os gregos daban ao termo “verdade” (**aletheia**), literalmente **descubrir** ou **desvelar**.

Desta forma, por poñer un par de exemplos, Para Sócrates só o que coñece o que é o bo pode actuar bondadosamente; só o que sabe o que é verdadeiramente a xustiza pode ser xusto, polo que aquel que actúa incorrectamente non o fai querendo, senón por mera ignorancia. Hai pois unha relación estreita entre coñecemento e virtude (**areté**), o que en filosofía coñecemos como **intelectualismo ético** (o que mencionamos antes: para ser bo hai que coñecer antes que é o ben). Sócrates remataría os seus días sendo xulgado e condenado a morte, acusado de corromper á xuventude de Atenas coas súas preguntas e de negar aos deuses tradicionais da cidade. Ante a posibilidade de fuxir considerou, seguindo a súa filosofía, **que era peor cometer unha inxustiza que sufrila**. Bebería finalmente a cicuta, veneno que acabaría coa súa vida.